NARÓN

CONCELLO DE NARON

Reunidos na Casa do Concello, o día 27 de febreiro de 2017, ás 11,05 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Axuda no Fogar"

A Mesa esta formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); Dna. M. Angeles Manteiga Fulgueira (Secretaria Substituta da Corporación) D. M. Dolores Pérez López (Técnico servizo Sociocomunitario); Dna. Catalina M. García Blanco (concelleira delegada para asuntos de Acción Social), D. Marcos López Balado (representante do P.P.) que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

Asiste a esta reunión unha representante da empresa Clece.

Aberta a sesión pola presidencia, procédese a tratar o primeiro punto da Orde do Día.

1.- Dar conta da resolución do TACRC sobre o recurso interposto por FEPAS contra o acordo de exclusión do procedemento de contratación.

O Secretario da Mesa, pon en coñecemento dos presentes, o contido do Acordo de Resolución adoptado polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), sobre o recurso presentado pola Fundación para el Estudio y Promoción de Acción Social (FEPAS), mediante a que resolve aceptar o recurso interposto por FEPAS contra o acordo polo que se resolve a súa exclusión do procedemento de licitación para o contrato de "Servizo de Axuda no Fogar", convocado polo Concello de Narón, declarando o devandito a este disconforme a dereito, de xeito que se deberá continuar co procedemento de licitación incluíndo a FEPAS entre as licitadoras admitidas.

2.- Apertura do sobre "2": Documentación relativa aos criterios con avaliación mediante un xuízo de valor da Fundación para el Estudio y Promoción de la Acción Social.

NARÓN

CONCELLO DE NARON

En cumprimento da Resolución do TACRC, procedese, por parte da Presidencia, a abrir o sobre "2" presentado por FEPAS e que contén a oferta técnica desta Fundación.

Esta proposta remitirase aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este xunto co das outras ofertas presentadas, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.